

A SAVANA E A MONTANHA

Paulo Carneiro, 2024

1610

ESTREA EN NUMAX: 13.10.2025 | V.O.S.E. | +7 | 77 min

Un documental híbrido captura a loita creativa dos habitantes de Covas do Barroso, no norte de Portugal, contra os plans da empresa británica Savannah Resources, que quere construír a mina de litio a ceo aberto máis grande de Europa a poucos metros das súas casas. Ante esta ameaza inminente, a comunidade reúnese para organizarse e expulsar a compañía das súas terras, utilizando actuacións musicais e escenificacións inspiradas no oeste para visibilizar a súa resistencia. A través da arte e da solidariedade, os veciños non só defenden o seu territorio, senón que tamén afirman a súa identidade cultural, loitando por un futuro no que as súas voces sexan escoitadas e respectadas.

«Unha peza de discurso cinematográfico poético, político e lúdico»

Diego Lerer, MICROPSIA CINE



Entrevista con Paulo Carneiro: «Quería evitar ofrecer unha perspectiva exótica do conflito na película»

Por Teresa Vena

Como empezou o proxecto? Coñecía a algunhas persoas da vila e xa oíra falar do que estaba a ocorrer alí, pero non moito naquel momento. En 2020, durante a pandemia, cando todo estaba pechado, fíxose viral un vídeo sobre os avances do proxecto mineiro. A partir de aí, empecei a contactar con distintas persoas e a investigar. Fun á vila. Pola súa localización remota e o seu reducido número de habitantes, rodeados de natureza e montañas, parecía un lugar especialmente seguro durante a pandemia. Fun alí cunha cámara e co meu técnico de son. En primeiro lugar, para entendelo todo, sen ter unha idea clara de facer unha película. Falei coa xente, entre a que tamén estaba o alcalde. El axudoume a entender o contexto político e a dinámica da comunidade.

Como desenvolves a película a partir de aí? Empezamos a facer vídeos sobre o que pasaba e sobre as protestas, que a xente podía compartir en distintas redes. Mentres filmabamos o que realmente ocorría, notei que a xente era fráxil. A miúdo, víaos moi tristes e decaídos. Con todo, quería mostrar o fortes que son e como se implicaron nesta loita de David contra Goliat. Como non creo no documental convencional, empecei a escribir a historia como unha ficción. A cámara era unha forma de reforzar a súa posición, de plasmar a súa forza nas imaxes. Era importante [ter en conta] que posición adoptaba a cámara.

Evitaches as entrevistas directas e as declaracións de expertos, apoiándote fundamentalmente nos propios veciños. Poderías explicar esta decisión? Axústase mellor á intención de mostrar a loita de David contra Goliat. Para os protagonistas, é difícil ter unha idea precisa de contra quen loitan. Nunca ven as persoas que están ao mando de todo. Para min, o cinema non consiste en mostrar o ben e o mal, senón máis ben as zonas grises. A intención era mostrar á xente que forma parte da burocracia, pero aos máis humildes, os que forman parte da poboación. Todo o mundo é unha pequena engrenaxe dentro da máquina.

Hai algúns elementos, como a música e certos aspectos visuais, que confiren á película un carácter de conto de fadas. Era esta a túa intención? Hai unha expresión que afirma que a rexión de Covas do Barroso é un reino marabilloso. Foi escrita por un famoso autor portugués, Miguel Torga. Para min, as súas novelas formaron parte da creación deste mundo porque non quería facer algo parecido a unha película de National Geographic. A natureza e o marabilloso do lugar confírenlle unha especie de atmosfera de conto de fadas. Aínda así, non quería explicar quen está ameazado, nin que a natureza e os animais están en perigo. Quería centrarme na xente. Ademais, aínda que vivo nos suburbios de Lisboa, eu tamén crecín no campo. Por tanto, non considero que a paisaxe sexa exótica. Quería evitar ofrecer unha perspectiva exótica do conflito na película.

Como traballaches con estas persoas, que non tiñan experiencia como actores? O problema era que non tiñan tempo. Tiñan que traballar. Na agricultura non se pode parar. Ofrecínme a pagarlles polo seu tempo, pero non lles importa o diñeiro. Ademais, esa non é a forma que teño de facer películas. O máis importante era prepararse ben e rápido. Durante a rodaxe, nunca dispoñían de máis dunha ou dúas horas seguidas. Tiñan que entender a coreografía e o encadre. Deilles os diálogos xusto antes da rodaxe para que non se puxesen nerviosos. A maior parte do tempo traballamos xuntos nos diálogos, pero tamén houbo espazo para a improvisación.